



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE XUÑO 2007



1.- Resumo

Mes moi chuvioso e con temperaturas en xeral por debaixo das normais

O mes de xuño estivo caracterizado pola presenza de aire frío en altura sobre o Atlántico norte, o que alimentou centros de baixas presións que se foron achegando sucesivamente á nosa Comunidade. Isto deixou un mes moi chuvioso para a época do ano e con temperaturas diúrnas por debaixo do normal. Así, os primeiros días do mes as altas presións situábanse sobre Galicia e deixando un panorama de ceos pouco nubosos e temperaturas altas. Este anticiclón mantívose estacionario os primeiros 6 días do mes. A partir do día 7 unha primeira fronte comezou a achegarse a Galicia, deixando un aumento das nubes e chuvias na xornada do día 8. Esta situación, con ventos de compoñente sur, nubes, humidade e chuvias repetiuse nos seguintes días, ata a xornada do 22. Os días coas fronteas máis activas foron o 17 e principalmente o 19, cando en puntos das Rías Baixas superáronse os 60 l/m² nunha soa xornada. Entre o 22 e o 29 soamente se debe reseñar o paso dunha fronte cálida pouco activa na madrugada do día 25. As altas presións dominaron polo tanto o panorama meteorolóxico entre o 22 e o 29, aínda que os ventos de compoñente norte deron lugar a entrada dunha masa de aire frío e húmido que deixou un ascenso moi lento de temperaturas e nubes na metade norte de Galicia. Na derradeira xornada do mes unha última fronte deixou aumento das nubes en toda Galicia e chuvias principalmente na metade oeste. Esta situación de baixas presións no atlántico deixase notar nos mapas de anomalías de presión en superficie e altura, con presións máis baixas do normal sobre o Atlántico, ó noroeste de Fisterra.

Chuvia: As chuvias rexistradas estiveron en xeral moi por riba do normal nun mes de xuño en toda Galicia tanto en días de chuvia como en cantidade. A suma do mes ofrece un valor superior ós 100 l/m² na costa, con puntos que superan os 150 e incluso os 200 no oeste de A Coruña e lixeiramente por debaixo dos 100 l/m² no interior, aínda que sempre por riba dos 50.

Temperatura: As temperaturas estiveron en xeral por debaixo da media dos 30 anos anteriores. Este efecto é máis notable en xeral no caso dos valores diúrnos, posto que a gran cantidade de noites con nubes deixou uns valores nocturnos máis próximos á media. A zona de Galicia menos afectada polas baixas temperaturas foi o litoral norte de A Coruña e o litoral de Lugo debido á persistencia dos ventos de compoñente sur.

2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003, agás Santiago (1983-2003).

O valor climático corresponde ó promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

	XUÑO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	17.1	16.9	19.1 (2004)	14.9 (1977)
T ^a mínima media	13.9	13.9	15.7 (2004)	12.0 (1977)
T ^a mínima absoluta	11 (día 28)	6.6 (29/06/1998)		
T ^a máxima media	21.1	20.0	22.6 (2004)	17.7 (1977)
T ^a máxima absoluta	25.9 (día 6)	34.8 (03/06/1980)		
Precipitación acumulada	91	25-50	137 (1987)	0 (1976)

Comentario:

Temperaturas moi semellantes aos valores climáticos agardados.

A precipitación e moi superior ao rango de valores normais. O mes pode considerarse “moi húmido”



SANTIAGO

	XUÑO 2007	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.9	17.4	17.9 (1989)	10.7 (1984)
Tª mínima media	12.0	12.3	12.1 (1989)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	8.7 (día 27)	1.8 (06/5/1982)		
Tª máxima media	20.5	22.4	23.6 (1989)	14.6 (1984)
Tª máxima absoluta	29.4 (día 6)	34.0 (29/5/2001)		
Precipitación acumulada	119	35-55	197 (1997)	8 (1996)

Comentario:

*Temperaturas en xeral inferiores ao agardado, especialmente no caso das máximas. O mes pode considerarse frío, aínda que as mínimas estiveron preto da media
 En canto a precipitación, o mes pódese considerar “moi húmido”*

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

	XUÑO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.6	16.8	20.8 (1976)	14.3 (1977)
Tª mínima media	10.1	11.2	13.2 (2000)	8.7 (1977)
Tª mínima absoluta	5.8 (día 23)	0 (03/06/1975)		
Tª máxima media	22.0	22.5	27.4 (2000)	19.3 (1992)
Tª máxima absoluta	30.2 (día 7)	39.0 (17/06/2000)		
Precipitación acumulada	87	17-42	88 (1988)	4 (2001)

Comentario:

*Temperaturas en xeral inferiores ao agardado, especialmente no caso das mínimas, un grao por debaixo do valor climático. O mes pode considerarse frío
 En canto a precipitación, o mes pódese considerar “moi húmido”, quedando moi preto do máximo valor da serie no mes, en 1988*



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XUÑO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.5	18.1	20.7 (2004)	15.5 (1977)
Tª mínima media	13.1	12.5	15.6 (2004)	10.6 (1977)
Tª mínima absoluta	10.2 (día 23)	4.6 (05/06/1984)		
Tª máxima media	22.6	23.7	27.2 (1976)	20.4 (1977)
Tª máxima absoluta	30.6 (día 6)	39.6 (19/06/2003)		
Precipitación acumulada	134	39-66	238 (1974)	3.3 (1976)

Comentario:

Mes frío no relativo ás temperaturas máximas, claramente por debaixo do agardado. Sen embargo as temperaturas mínimas foron lixeiramente cálidas e as medias quedan preto do rango de valores normais.

En canto a precipitación, o mes pódese considerar “moi húmido”

OURENSE

	XUÑO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.4	19.6	23.8 (2004)	16.3 (1977)
Tª mínima media	12.8	12.3	15.6 (2004)	10.4 (1977)
Tª mínima absoluta	9.8 (día 23)	2.4 (03/06/1975)		
Tª máxima media	24.3	26.8	32.0 (2004)	22.3 (1977)
Tª máxima absoluta	31.7 (día 6)	39.2 (20/06/2003)		
Precipitación acumulada	82	20-35	130 (1988)	0.3 (1979)

Comentario:

Mes frío en canto ás temperaturas medias e especialmente as máxima, 2.5 °C por debaixo do agardado. As mínimas poden considerarse normais


En canto á precipitación, o mes pode considerarse moi húmido



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


**Anomalías de presión en superficie.
Mes Xuño 2007**






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes de Xuño 2007.**





3.3.- Temperatura media das máximas




T_{máx} – 06/2007

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas





3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)

